

DOMINGO XIV ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 66, 10-14c

Lectura do libro de Isaías

Alegrádevos con Xerusalén, exultade por ela, tódolos que a amades. Reloucade con ela de xúbilo os que por ela levastes loito. Mamaredes ó seu peito e fartarédesvos das súas consolacións; zugaredes con delicia a riqueza do seu seo.

Porque así fala o Señor: «Farei correr ata ela a fartura coma un río, coma un río desbordado a riqueza das nacións. Collerán no brazo os seus meniños, e aloumiñaranos sobre os xeonllos. Coma unha nai que consola o seu fillo, así eu vos consolarei; ¡en Xerusalén seredes consolados! Vós verédelo, e alegrarase o voso corazón, e os vossos ósos florecerán coma un campo. A man do Señor daráselles a coñecer ós seus servos.

SALMO RESPONSORIAL Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20

R/. (1): **Aclama a Deus, terra enteira.**

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da loanza,
dille: ¡Que sorprendentes son as túas obras!

Próstrase a terra toda diante túa
e canta salmos ó teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes.

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo.

Vinde os que teméde-lo Señor,
e contaréivo-lo que el fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor.

SEGUNDA LECTURA Gal 6, 14-18

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Gálatas

Irmáns: A min Deus me libre de gabarme en algo que non sexa a cruz do noso Señor Xesucristo, na que o mundo está crucificado para min coma eu para o mundo. Pois tanto ten estar circuncidado coma estar sen circuncidar: o que importa é a nova creación. A paz e maila misericordia virán sobre tódolos que se axusten a esta norma e sobre o Israel de Deus. De hoxe en diante que ninguén me veña amolar, porque levo no meu corpo as marcas de Xesús. Irmáns, que a gracia do noso señor Xesús Cristo acompañe ó voso espírito. Amén.

EVANXEO Lc 10, 1-12. 17-20 (longa)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a tódalas vilas e aldeas onde tiña pensado ir. Díxolles: - A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ó dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

Ide e sabede que vos mando coma aíos entre lobos. Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a esta casa". E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco.

Permanecede na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ó seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedo do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus".

Pero cando non vos acollan na vila na que entredes, saíde ás prazas dicindo: Non queremos levar da vosa vila nin o po que se nos pegou ós pés. Aí vos queda. Pero sabede que xa chega o Reino de Deus. Asegúrovos que o Día do Xuízo será máis levadeiro para Sodoma do que para aquela vila.

Entón volveron os setenta e dous moi contentos dicindo: - Señor, aínda os demos tamén se nos someten no teu nome.

El replicou: - Eu vía a Satanás caendo do ceo coma un raio. Porque vos dei poder para pisardes cobras e mais alacrás e poder sobre toda forza inimiga, e nada vos fará mal. Con todo, non vos alegredes de que os espíritos se vos sometan: alegrádevos, máis ben, de que os vosos nomes estean escritos no ceo.